

Declaración institucional condenando a agresión a Ucraína, solicitando a retirada das tropas rusas e o respecto ao dereito internacional

Onte tivo lugar unha grave agresión a República Popular de Ucraína por parte das tropas rusas invadindo parte do seu territorio. Unha agresión a un país soberano (lembramos que Ucraína ratificou a súa independencia da Unión soviética en 1991) que, se non se detén, pode desembocar nunha traxedia humanitaria na zona, e en Europa.

Por todo o exposto, o Pleno da Corporación da Deputación da Coruña adopta a seguinte DECLARACION:

1. Condena da agresión de Rusia a Ucraína e a total solidariedade co pobo ucráino.
2. Petición dun inmediato alto o fogo e a retirada das tropas rusas do seu territorio.
3. Respecto ao dereito internacional, aos dereitos humanos e aos Acordos de Minsk, e traballar pola resolución do conflito no marco da ONU e da OSCE.
4. Retorno á vía diplomática como única fórmula para resolver as diferenzas para acadar acordos de paz duradeiros.